

**INSTITUTO ENERXÉTICO
DE GALICIA**

Resolución do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativas ao Plan Renove de equipos de climatización, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión e se convocan as devanditas axudas para o ano 2010.

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional da enerxía, calou de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo, prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre aforro e eficiencia enerxética se están a desenvolver na actualidade.

O Instituto Enerxético de Galicia contén xa na súa lei de creación, Lei 3/1999, do 11 de marzo, unha referencia expresa ao fomento destas actividades, concretada a través do impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, á mellora do aforro e a eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente recolle a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

En consonancia con todo isto, o Consello de Ministros con data do 20 de xullo de 2007, aprobou un Plan de Acción para o período 2008-2012, para o desenvolvemento da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012 (PAE4+), cumprindo así cos compromisos internacionais na materia.

Para o desenvolvemento dos referidos plans, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) deseñaron mecanismos de colaboración con todas as comunidades autónomas, que faciliten a articulación das medidas en todo o territorio estatal, tendo en consideración, ademais, as necesidades e obxectivos de cada comunidade en razón ás súas propias peculiaridades, e ao seu ámbito competencial. Neste sentido, asinouuse entre o IDAE e o Instituto Enerxético de Galicia, con data do 3 de xullo de 2008, o convenio de colaboración para a execución das actuacións de aforro e eficiencia enerxética establecidas no marco do Plan de acción 2008-2012 da estratexia de aforro e eficiencia enerxética (PAE4+).

No caso de Galicia e para o ano 2010, e segundo se establece no plan de traballo aprobado con data do 20 de xullo de 2010 e modificado posteriormente, a cantidade asignada para esta actuación cifrase en 1.000.000 de euros.

Como un dos órganos encargado de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia considera de máximo interese potenciar as actuacións de renovación dos equipos de climatización que leven consigo un aforro enerxético significativo en Galicia.

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas dirixidas a fomentar a mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios existentes que se renoven, de forma que cumpran, ao menos, coas exixencias mínimas que fixa a normativa vixente, reducindo o seu consumo de enerxía, así como para a selección de entidades colaboradoras que participan na súa xestión.

Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas axudas para o ano 2010.

Artigo 2º.-Réxime das subvencións.

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007; do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19º.2 establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. As subvencións reguladas nesta resolución que se convocan no exercicio 2011 e tramitadas como expediente anticipado de gasto, impútanse á conta contable 6565027, cun orzamento de 1.000.000 de euros, e atópanse financiadas ao 100% con fondos procedentes do convenio de colaboración suscrito entre o IDAE e o Inega con data do 3 de xullo de 2008, dentro do Plan de acción 2008-2012 (PAE4+) da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España e forman parte do Plan de traballo de 2010, aprobado o 20 de xullo de 2010 e modificado o 2 de novembro de 2010.

3. As axudas reguladas nesta resolución, agás aquelas cuxos beneficiarios sexan particulares, entidade e institucións sen ánimo de lucro quen non poidan levar a cabo actividades económicas que repercutan en terceiros, atópanse sometidas aos requisitos e cos límites establecidos no Regulamento comunitario nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro), en virtude do cal a contía global de axudas *de minimis* non poderá superar o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais.

Polo que respecta ás axudas ás empresas que operan no sector do transporte por estrada este límite debería fixarse en 100.000 euros. Estes límites aplicaríanse independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinaríase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2º do citado regulamento.

4. A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración deberá publicar no DOG e tamén na páxina web do Inega a devandita circunstancia, o que levará consigo a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

a) Xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa.

O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas, e se for o caso, tras a aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Artigo 3º.-*Actuacións e gastos subvencionables e contía das axudas.*

1. O obxectivo deste plan é mellorar a eficiencia enerxética, a través da renovación de instalacións existentes de equipos de produción de calor e frío por outros de alta eficiencia enerxética, seleccionados con base nun maior rendemento enerxético.

2. Considérase actuacións subvencionables:

Será subvencionable o cambio de caldeiras, equipos de climatización ou bombas de calor convencionais de baixa eficiencia enerxética pola compra doutros equipos de alta eficiencia enerxética con potencia nominal térmica maior ou igual que 5 kW e menor ou igual a 70 kW (a potencia corresponderá á suma das potencias de todas as caldeiras instaladas e, no caso de equipos de frío ou de bombas de calor, corresponderá a suma de todas as potencias térmicas das unidades exteriores) que cumpran cos seguintes requisitos técnicos:

1. Caldeiras de condensación cuxo rendemento a potencia nominal (Pn) e a unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C sexa superior ou igual a: $\eta \geq 90 + 2 \log Pn$ e cuxo rendemento a carga parcial de 0,3 Pn (30% de carga) e a unha temperatura media da auga na caldeira maior ou igual 50 °C sexa superior ou igual a: $\eta \geq 86 + 3 \log Pn$.

2. Equipos de aire acondicionado (só frío) aire□aire ou aire□auga. (Rendemento: clase A e EER superior a 3).

3. Bombas de calor (só calor ou reversibles) que teñan como foco frío o aire. (Rendemento: clase A, COP igual ou superior a 3,5 e EER superior a 3).

As marcas e modelos subvencionables encontraranse incluídas na Listaxe do Plan Renove de equipos de climatización» co obxecto de garantir desde o punto de vista de eficiencia enerxética, a idoneidade dos equipos. Esta listaxe poderás consultarse na páxina web do Inega (www.inega.es) e irase actualizando durante o período de duración da campaña. Para isto, os fabricantes/instaladores de equipos que desexen ser incluídos na listaxe ou que queiran cambiar os datos dispoñibles dos seus equipos deberán presentar no Inega a documentación xustificativa das súas características técnicas mediante o correo electrónico renoveclimatizacion@inega.es

A documentación xustificativa para a inclusión dos equipos como subvencionables será:

No caso de caldeiras de condensación: folla de características técnicas onde se especifique a potencia nominal a unha temperatura media de auga de 70 °C e o seu rendemento, así como o rendemento da caldeira a carga parcial de 0,3 Pn e a unha temperatura media da auga na caldeira maior ou igual a 50 °C.

No caso de equipos de aire acondicionado ou bombas de calor:

*Aqueles incluídos no ámbito de aplicación que establece o Real decreto 142/2003, do 7 de febreiro (equipos acondicionadores de aire con potencia de refrixeración menor ou igual a 12 kW), polo que se regula a etiquetaxe enerxética dos acondicionadores de aire de uso doméstico: a etiquetaxe enerxética oficial, onde se especifique a clasificación A, o COP e o EER.

*Cando non se dispoña dun sistema de etiquetaxe oficial: impresión da parte da base de datos de Eurovent ou certificado do fabricante onde se indique a clasificación, o COP e o EER.

Non son subvencionables:

*A substitución de radiadores eléctricos.

*A substitución de acumuladores.

*A substitución de instalacións exclusivas de auga quente sanitaria.

*A substitución de caldeiras que utilicen enerxías renovables (biomasa).

*A substitución dunha caldeira colectiva ou centralizada que dea servizo a varias vivendas por caldeiras individuais situadas en cada unha das vivendas.

*A substitución e a compra de sistemas de conduto único, incluído tipo portátiles ou pingüín.

Considéranse actuacións subvencionables aquelas que, cumprindo a regulamentación vixente e os requisitos antes descritos, sexan realizadas a partir dos 30 días hábiles contados desde o día seguinte ao

da publicación no DOG desta resolución e ata o 30 de xuño de 2011 ou ata esgotarse os fondos dispoñibles.

As exixencias mínimas de eficiencia enerxética que debe de cumprir a instalación que se rehabilite, son as que figuran no Regulamento de instalacións térmicas dos edificios (RITE).

3. Contía da subvención.

A contía da subvención calcularase atendendo aos límites establecidos que se especifican a continuación segundo a potencia nominal. En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.

O límite máximo da axuda segundo a potencia nominal é o seguinte:

Equipo	Potencia nominal en modo calefacción (kW)	Axuda
Caldeiras de condensación	$5 \leq P_n < 39$	840 euros
Caldeiras de condensación	$39 \leq P_n \leq 70$	1.320 euros

Equipo	Potencia nominal da unidades exteriores en modo frío ou calor (kW)	Axuda
Equipos só frío ou bomba de calor	$5 \leq P_n \leq 6$	660 euros
Equipos só frío ou bomba de calor	$6 < P_n \leq 8$	1.080 euros
Equipos só frío ou bomba de calor	$8 < P_n \leq 12$	1.440 euros
Equipos só frío ou bomba de calor	$12 < P_n \leq 16$	2.040 euros
Equipos só frío ou bomba de calor	$16 < P_n \leq 70$	3.840 euros

P_n: Suma de todas as potencias das unidades exteriores

Enténdese custo da instalación o prezo dos equipos, a súa montaxe e o IVE, no caso de que este sexa subvencionable. No caso de equipos de frío ou bombas de calor, considérase custo da instalación tanto a unidade exterior como as unidades interiores.

O IVE (imposto sobre o valor engadido) será subvencionable para os particulares, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas, para o cal será necesaria realizar unha declaración responsable (opción establecida no formulario de solicitude) indicando que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional ou, no caso de ser Administración pública, que non pode repercutir o IVE.

4. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados dentro da vixencia do Plan Renove de equipos de climatización.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

5. En ningún caso serán subvencionables os gastos relativos á renovación dos equipos de climatización que xa foran obxecto de subvención en anos anteriores.

Artigo 4º.-Concurrencia con outras axudas.

1. O importe da subvención outorgada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou doutros organismos internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable. En todo caso, terán que respectarse as condicións establecidas para cada réxime de axudas na normativa que resulte de aplicación.

2. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Enerxético de Galicia tan pronto como o interesado teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación do investimento realizado.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 20º destas bases reguladoras.

Artigo 5º.-Vixencia do plan.

1. O plan principia a súa vixencia o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 30 de xuño de 2011 ou ata que se esgoten os fondos correspondentes.

Artigo 6º.-Financiamento.

A cantidade inicial destinada para esta convocatoria de axudas ascende a 1.000.000 de euros. Eventualmente esta cantidade poderá incrementarse como consecuencia da maior dispoñibilidade orzamentaria co fin de atender todas as solicitudes, e con partidas sobrantas da xestión do Convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións recollidas no Plan de acción 2008-2012, (PAE4+) da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España», en todo caso, a concesión de axudas no exercicio 2011 queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Se o orzamento inicial se esgota e se produce unha ampliación de fondos, reabrirase o prazo de presentación das solicitudes, informando as entidades colaboradoras adheridas mediante o correo electrónico de contacto, unha nota de prensa na páxina web www.inega.es, e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Entidades colaboradoras.

Para os efectos desta resolución, poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, así

como os empresarios individuais sempre que, en ambos os dous casos, teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e que acrediten as condicións de solvencia técnica e económica que se establecen neste artigo.

Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora aquelas entidades que reúnan os requisitos establecidos neste artigo e que o soliciten nos prazos que se indican, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As entidades colaboradoras seleccionaranse de acordo co procedemento que se establece no artigo 8º destas bases, con suxeición á normativa que resulte de aplicación.

De conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras deberán formalizar o convenio de adhesión entre elas e o Instituto Enerxético de Galicia, no que se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquelas, que figuran no anexo III desta resolución. O dito convenio posuirá o contido mínimo previsto no artigo 13º da Lei de subvencións.

Para a solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán de estar inscritas nunha epígrafe do imposto de actividades económicas relacionado con instalacións térmicas e deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Inega. As características técnicas exixibles poderán consultarse na páxina web do Inega (www.inega.es, Plan Renove de equipos de climatización 2010). Así mesmo, terán que estar capacitadas para executar correctamente os traballos obxecto deste Plan Renove de equipos de climatización, polo que a empresa terá que estar autorizada polo departamento territorial competente en industria para desenvolver traballos de instalacións térmicas.

As entidades colaboradoras terán como cometido servir de enlace entre os beneficiarios das axudas e o Inega, nos seguintes termos:

*Comprobación inicial dos requisitos dos solicitantes da axuda.

*Realización ante o Inega dos trámites para solicitar a axuda.

*Desenvolvemento das accións vinculadas.

*Xustificación da axuda e a súa certificación ante o Inega.

Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 12º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autónoma así como coa Seguridade Social.

b) Someterse ás actuacións de inspección e control que o Inega poida efectuar respecto da xestión destas axudas, e que permitan a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas, de acordo co establecido na liña d) do artigo 12º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Dar a axeitada publicidade do carácter público do cofinanciamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento pola Xunta de Galicia a través do Inega e, se é o caso, o cofinanciamento con fondos do IDAE no marco do convenio do 3 de xullo de 2008.

d) Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión, e deberán restituír as cantidades percibidas nos casos en que concorra causa de reintegro.

As entidades colaboradoras adheridas ao Plan Renove de equipos de climatización asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre esta, así como a retirar os logos e a publicidade unha vez peche o plan. Así mesmo, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do Plan Renove de equipos de climatización que se lle facilitarán para tal efecto. Na información comercial e publicitaria do Plan Renove dos equipos de climatización debe figurar obrigatoriamente de forma diferenciada o prezo antes e despois da subvención con cargo ao Plan Renove 2010.

2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que o solicitante cumpre co establecido no artigo 9º (beneficiarios das axudas).

3. Vender no marco da iniciativa só os equipos que cumpran coas condicións establecidas no artigo 3º destas bases.

4. Instalar os equipos de climatización no prazo de 90 días naturais desde o día seguinte ao da data de reserva dos fondos, retirar os substituídos para a súa

posterior xestión do residuo e presentar no Inega a documentación que xustifique a instalación. Os aparellos antigos substituídos deberanse xestionar correctamente e entregarse ao Inega un certificado para a xustificación da devandita xestión dos residuos.

5. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido nas bases.

6. Facilitarlle ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.

7. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do Plan Renove de equipos de climatización.

Artigo 8º.-*Adhesión de entidades colaboradoras.*

1. Existirán dous procesos de adhesión diferenciados:

a) Adhesión simplificada (renovación de entidades colaboradoras).

Esta forma de adhesión vai dirixida exclusivamente a entidades colaboradoras adheridas ao convenio do Plan de equipos de climatización 2009 e que desexen volver a adherirse ao convenio do Plan Renove de equipos de climatización 2010.

O prazo para a adhesión simplificada, incluída, se é o caso, a presentación da documentación que xustifique as modificacións, será de 15 días hábiles desde o comezo da vixencia do Plan Renove de equipos de climatización 2010.

a.1) Solicitudes e documentación.

As entidades colaboradoras interesadas na adhesión simplificada deberán entrar na aplicación informática do Plan Renove de equipos de climatización 2010, dispoñible na páxina web do Inega, www.inega.es e sinalar no recadro correspondente o seu dexexo de adherirse ao convenio do ano 2010.

A entidade remitirá ao Inega un exemplar da solicitude (anexo I da adhesión ordinaria) e dous exemplares do convenio de colaboración (anexo III), así coma, se é o caso, achegará a documentación necesaria para actualizar ou modificar os datos da entidade.

A entidade poderá presentar de forma telemática ou en formato papel a documentación anterior. No caso da presentación en papel, a entidade imprimirá un exemplar da solicitude e dous exemplares do convenio de colaboración, e os remitirá asinados polo representante legal da entidade, ao Inega, así como, se é o caso, achegar a documentación necesaria para actualizar ou modificar os datos da entidade. No caso da presentación telemática poderase presentar a documentación a través da aplicación informática utilizando o certificado dixital do representante legal da entidade. Para constatar que a soli-

cidade foi presentada telematicamente, o expediente deberá estar en estado Presentado telematicamente e a solicitude deberá de presentar un número de rexistro telemático.

Soamente terán validez ante o rexistro telemático os certificados dixitais expedidos a nome de persoas físicas, conforme a Lei 59/2003, do 19 de decembro, da sinatura electrónica.

Toda a información da entidade que deba ser modificada ou actualizada, con relación ao compromiso de adhesión do ano anterior, deberá ser xustificada documentalmente cos mesmos documentos requiridos no proceso de adhesión ordinaria. Esta documentación presentarase en soporte papel ante o rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, CP 15703 Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

a.2) Emenda.

De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social; Consellería de Facenda; e outros rexistros públicos. Así como, se o Inega, tras realizar a consulta oportuna, non ten constancia de que a empresa está autorizada para realizar instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia requirirase a entidade colaboradora o certificado pertinente.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e segundo o establecido no artigo 7º en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos

efectos previstos no artigo 59º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

a.3) Instrución do procedemento e audiencia.

Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de 10 días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

a.4) Competencia.

É competente para a instrución do procedemento de selección de entidades colaboradoras o director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega; e para a súa resolución o director do Inega que resolverá por delegación do Consello de Administración.

a.5) Resolución.

O prazo máximo para resolver sobre as adhesións simplificadas é de 15 días hábiles, contados desde a presentación da documentación no Inega. Pasado o devandito prazo os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos ao Plan Renove de equipos de climatización 2010. A devandita adhesión será notificada a través da aplicación informática establecendo a seguinte mensaxe: entidade adherida.

a.6) Notificación das resolucións.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e segundo o establecido no artigo 7º en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

Ademais a adhesión destas entidades colaboradoras será obxecto de publicación no DOG:

a.7) Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o director do Inega no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou en 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

b) Adhesión ordinaria (alta de novas entidades colaboradoras).

Esta forma de adhesión vai dirixida ás entidades colaboradoras que non estivesen adheridas ao convenio do ano 2009, e poderán presentarse durante a vixencia do Plan Renove de equipos de climatización 2010.

As entidades colaboradoras que participaron no convenio do ano 2009 que non puidesen adherirse polo proceso simplificado no prazo establecido sempre terán a opción de adherirse polo procedemento ordinario.

O procedemento de adhesión ordinaria será o seguinte:

b.1) Solicitudes e documentación.

Os formularios das solicitudes e do convenio de adhesión para adquirir a condición de entidade colaboradora cubriranse obrigatoriamente a través da aplicación informática creada para tal efecto. O devandito enlace para acceder á aplicación publicarase na web do Inega www.inega.es

As solicitudes (formulario e documentación) poderán presentarse de dúas formas:

a) Telematicamente: o formulario da solicitude (anexo I) e o convenio de colaboración (anexo III), cubriranse e presentaranse, xunto coa documentación establecida neste artigo, a través da aplicación informática ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 164/2005, do 16 de xuño, mediante sinatura electrónica do solicitante ou do representante legal da entidade que o

solicite, téndose que cumprir os requisitos que regulamentariamente son necesarios para a presentación electrónica. Para constatar que a solicitude foi presentada telematicamente, o expediente deberá estar en estado Presentado telematicamente e a solicitude deberá de presentar un número de rexistro telemático.

Soamente terán validez ante o rexistro telemático os certificados dixitais expedidos a nome de persoas físicas, conforme a Lei 59/2003, do 19 de decembro, da sinatura electrónica.

b) Presentación en papel: o formulario da solicitude (anexo I) e o convenio de colaboración (anexo III) unha vez cuberto a través da aplicación informática, imprimíranse e presentarínanse por duplicado e debidamente asinado e selado polo representante legal da entidade, xunto coa documentación establecida neste artigo, ante o Rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O formulario de solicitude para adherirse como entidade colaboradora, segundo o modelo establecido no anexo I (que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* exclusivamente para os efectos informativos), conterá os seguintes datos:

- a) Identificación da entidade.
- b) Identificación do representante legal da entidade colaboradora.
- c) Declaración expresa de coñecer o contido destas bases e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas.
- d) Declaración expresa de ter o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Declaración expresa da solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7º das bases reguladoras.
- f) Declaración expresa de consentimento da utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 27º da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- g) Declaración expresa de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3

do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Declaración expresa de que non actuará como entidade colaboradora daquelas persoas físicas ou xurídicas de dereito público ou privado, que queiran acceder á a xuda e que se atopen vinculados con ela ou cos seus órganos directivos ou xestores, nin cando concorran nelas ningunha das prohibicións previstas no número 7 do artigo 27º da Lei 9/2007 e no número 2 do artigo 43º do seu Regulamento de desenvolvemento.

i) Compromiso de comunicación de calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.

j) Autorización ao órgano xestor para que recade a información necesaria para coñecer se o solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social ou coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día coas súas obrigas cos organismo sinalados anteriormente.

k) Autorización ao órgano xestor para que recade certificado emitido pola Axencia Tributaria onde se especifiquen os IAE nos que a entidade está dada de alta para este ano. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa onde se especifiquen os IAE nos que está inscrito.

l) Autorización ao órgano xestor para que recade a información necesaria para coñecer se a entidade solicitante está autorizada para a realización de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación emitida polo departamento territorial competente en industria onde conste que a empresa está autorizada para a realización de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A documentación que debe achegarse ao formulario da solicitude é a seguinte:

1. Copia simple do NIF da entidade colaboradora en vigor.
2. Copia orixinal ou cotexada do documento acreditativo de poder suficiente do representante legal da entidade. No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, este documento non o terá que presentar.
3. Certificación orixinal ou copia cotexada expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se realizarán os ingresos á entidade colaboradora.

4. Copia cotexada do último recibo do imposto de actividades económicas (IAE) ou, se é o caso, declaración xurada orixinal de exención de pagamento.

b.2) Emenda.

De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social; Consellería de Facenda; e outros rexistros públicos. Así como, se o Inega, tras realizar a consulta oportuna, non ten constancia de que a empresa está autorizada para realizar instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia requirirase a entidade colaboradora o certificado pertinente.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e segundo o establecido no artigo 7º en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

b.3) Instrución do procedemento e audiencia.

Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

b.4) Competencia.

É competente para a instrución do procedemento de selección de entidades colaboradoras o director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega; e para a súa resolución o director do Inega que resolverá por delegación do Consello de Administración.

b.5) Resolución.

O prazo máximo para resolver sobre as adhesións ordinarias é de 15 días hábiles, contados desde a presentación da documentación no Inega. Pasado o devandito prazo os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos ao Plan Renove de equipos de climatización 2010. A devandita adhesión será notificada a través da aplicación informática establecendo a seguinte mensaxe Entidade adherida.

b.6) Notificación das resolucións.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e segundo o establecido no artigo 7º en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

Ademais, a adhesión destas entidades colaboradoras será obxecto de publicación no DOG.

b.7) Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o director do Inega no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou en 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto

presunto, segundo o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

Artigo 9º.-Beneficiarios das axudas.

Poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas físicas e xurídicas de dereito público ou privado propietarias de vivendas ou edificios do sector terciario sempre que a actuación subvencionable descrita no artigo 3º se realice en vivendas ou edificios do sector terciario da súa titularidade sitos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia*.

Non poderán obter a condición de beneficiarios, as persoas físicas ou xurídicas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10º.2 y 3 de la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Os beneficiarios obríganse a facilitar canta información lle sexa requirida polo Inega no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia as seguintes:

a) As descritas no artigo 7º letras a), b), c) e d), obrigas comúns ás entidades colaboradoras.

b) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

c) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente o que se sinale na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.

d) Acreditar ante a entidade colaboradora, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Realizar o pagamento da facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data de xustificación establecida no artigo 10º. O pagamento corresponderá ao prezo total da instalación de climatización descontando a axuda outorgada polo Inega.

Artigo 10º.-Procedemento para acceder ás axudas.

O procedemento estrutúrase en dúas fases:

a) Rexistro de operacións:

1. O comprador dirixirase a unha entidade colaboradora adherida a esta iniciativa e elixirá algúns dos elementos subvencionables que cumpra os requisitos mínimos exixidos no artigo 3º destas bases.

2. Unha vez elixido o equipo, a entidade colaboradora adherida cubrirá o Formulario de solicitude de axuda (ver anexo II), mediante a aplicación informática habilitada para o efecto. Cando a aplicación informática reflicte o estado Reservada significa que existen fondos reservados, indicando a contía da axuda solicitada ao Inega. Neste estado xa non se poderán modificar os datos e, en caso que sexa necesario modificalos pola existencia dalgún erro, deberase enviar un correo Á conta establecida para tal efecto, solicitando a cancelación da solicitude. Unha vez cancelada polo Inega e notificada a dita cancelación, a entidade colaboradora poderá cubrir un novo Formulario de solicitude de axuda.

3. A solicitude de axuda realizarase mediante reserva de fondos a partir dos 30 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG deste plan e ata o esgotamento de crédito ou ata o fin do Plan Renove de equipos de climatización, previsto no artigo 5º destas bases.

b) Solicitude da axuda e xustificación da actuación:

1. O comprador asinará o formulario de solicitude de axuda, por triplicado, dando a súa conformidade a esta. O comprador quedarase cun exemplar, a entidade colaboradora con outro e remitirase o terceiro asinado polo comprador e pola entidade colaboradora, ao Inega, coa documentación xustificativa da actuación subvencionable.

No caso de persoas xurídicas de dereito público ou privado, o solicitante da axuda deberá ser o representante legal da entidade.

2. A entidade colaboradora adherida cobrará o prezo resultante de restarlle ao prezo dos equipos de climatización (IVE incluído) o desconto da axuda establecida no artigo 3º, tal e como se especifica no anexo II destas bases e se indica no exemplo que figura na páxina web deste organismo público (www.inega.es).

3. A entidade colaboradora adherida entregará e instalará o equipo e retirará o substituído para a súa reciclaxe.

4. Dentro dos 90 días naturais desde o día seguinte ao da data de reserva dos fondos (cobertura do Formulario de solicitude de axuda), a entidade colaboradora remitirá conxuntamente ao Inega a solicitude da axuda e a documentación que xustifica a

execución da actuación subvencionada, consistente en:

*Unha lista coas solicitudes realizadas e executadas das que chega a documentación.

*O formulario de solicitude da axuda, asinado polo comprador e pola entidade colaboradora.

*Orixinal ou copia cotexada da factura xustificativa do cobramento do investimento realizado emitido despois da instalación, coas seguintes formalidades:

A factura deberá estar asinada e selada pola entidade colaboradora. No corpo da factura debe describirse o tipo de equipo instalado e as características da instalación.

A factura debe reflectir con claridade a data de emisión, o nome e o NIF do beneficiario, enderezo onde se realiza a obra, número da referencia catastral, así como os seguintes conceptos: base imponible, IVE, total da base imponible máis IVE, desconto do Plan Renove de equipos de climatización do Inega e o total que vai pagar o beneficiario (datos calculados na aplicación informática).

Non se admitirán as facturas que non cumpran co indicado ou que se manipulen manualmente.

Na páxina web www.inega.es colgarase un modelo orientativo de factura.

*Orixinal ou copia cotexada perfectamente lexible, sen emendas nin riscaduras do xustificante bancario do pagamento realizado polo beneficiario (transferencia bancaria ou xustificante bancario de ingreso efectivo por portelo) no que conste:

-A identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá de coincidir co beneficiario da axuda.

-O número da factura que se está pagando.

-A identificación da entidade colaboradora que recibe o pagamento.

-Concepto do pagamento.

*Copia simple do NIF vixente do beneficiario.

1. No suposto de que o beneficiario sexa unha persoa xurídica: copia cotexada da documentación acreditativa da constitución da entidade e do poder do representante legal.

-Certificado orixinal que xustifique a correcta xestión do equipo retirado (certificado do xestor de residuos autorizado ou do punto limpo do concello).

-Unha fotografía da instalación previa e outra da instalación nova desde o mesmo ángulo (no caso de presentación telemática cada foto terá un tamaño máximo de 2 MB).

-Fotocopia do carné de instalacións térmicas do instalador que realizou a actuación.

-Copia da solicitude de rexistro da instalación térmica onde figure o selo coa data de entrada nun rexistro e o certificado da instalación térmica na que detalle claramente a marca e o modelo, así como as características técnicas do equipo instalado (procedemento IN622B).

A documentación xustificativa poderase presentar telematicamente ou en formato papel.

1. Telematicamente: o formulario da solicitude cubriranse e presentaranse, xunto coa documentación establecida neste artigo, a través da aplicación informática ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 164/2005, do 16 de xuño, mediante sinatura electrónica do representante legal da entidade colaboradora, téndose que cumprir os requisitos que regulamentariamente son necesarios para a presentación electrónica. Para constatar que a solicitude foi presentada telematicamente, o expediente deberá estar en estado Entregada telematicamente e a solicitude deberá presentar un número de rexistro telemático. Soamente terán validez ante o rexistro telemático os certificados dixitais expedidos a nome de persoas físicas, conforme a Lei 59/2003, do 19 de decembro, da sinatura electrónica.

2. En formato papel: a presentación da documentación xustificativa será ante o rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, CP 15703 Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Cómpre a utilización da aplicación informática indicando a data de presentación da documentación no rexistro e establecerase o estado Entregada. Se isto non se fai nos 90 días naturais desde o día seguinte da reserva dos fondos, liberáranse os fondos automaticamente e reverterán nos fondos dispoñibles.

3. De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos exixidos, con indicación de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos organismos seguintes: Axencia Estatal da Adminis-

tración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e segundo o establecido no artigo 7º en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorresen 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

4. O Inega informará ás entidades colaboradoras adheridas, mediante un anuncio inserido na súa páxina web, do esgotamento dos fondos asignados para este programa de axudas, así como a reapertura do prazo de solicitude se se dan as circunstancias indicadas no artigo 6º desta resolución.

Artigo 11º.-*Xestión informática das axudas.*

As entidades colaboradoras poderán visualizar na aplicación informática o estado do rexistro das vendas, así como a súa posterior validación polo persoal do Inega, cando se reciba íntegra neste ente público a documentación xustificativa para a percepción das axudas.

A aplicación informática pola que se xestiona o plan indicará, polo menos, as seguintes posibles situacións da solicitude de axuda co significado que se indica en cada caso:

Borrador: o solicitante ten datos sen acabar de cubrir (marcados en vermello). O solicitante pode modificar os datos.

Reservada: existen fondos reservados que indican a contía da axuda solicitada ao Inega. Está pendente de que a entidade colaboradora imprima a solicitude e a envíe ao Inega xunto coa documentación xustificativa. Neste estado xa non se poden modificar os datos. Se no prazo de 90 días naturais non se presenta a documentación xustificativa o rexistro das vendas cancelárase e liberáranse os fondos do devandito rexistro tal e como establece o artigo 10º.b).

Presentación en papel:

Entregada: a solicitude foi impresa, asinada polo comprador e polo representante da entidade colaboradora, e entregada, xunto coa documentación xustificativa, nun rexistro e está pendente de que o Inega reciba a documentación xustificativa e a valide.

Presentación telemática:

Entregada telematicamente: a solicitude e a documentación xustificativa foi entregada a través do

rexistro telemático e está pendente de que o Inega examine a documentación xustificativa e a valide.

Validada: esta solicitude xa foi recibida e validada polo Inega, polo que se inicia o procedemento de pagamento.

Documentación incompleta ou errónea: a documentación recibida polo Inega atópase incompleta ou é errónea, de xeito que, se non se emenda no prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da recepción da notificación da emenda, entenderase que o solicitante desiste da solicitude e esta será cancelada.

Pagamento en trámite: esta solicitude está en proceso de pagamento, nos próximos días recibirá o ingreso na súa conta.

Pagada: informa de que a subvención solicitada xa foi aboada polo Inega.

Cancelada: esta solicitude foi cancelada por renuncia do solicitante, ou por non cumprir as bases do Plan Renove de equipos de climatización.

Cancelada por prazo: a solicitude cancelouse por non presentarse a documentación establecida no artigo 10º.b) no prazo de 90 días naturais desde o día seguinte ao da data da reserva dos fondos.

Artigo 12º.-*Instrución do procedemento de concesión das axudas.*

A concesión das subvencións efectuarase respectando a rigorosa orde da reserva de fondos efectuado na aplicación informática, e ata o esgotamento do crédito dispoñible, sempre que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Deberán ser obxecto de comunicación ao Inega aqueles rexistros de operacións que non poidan xustificarse nas condicións especificadas nestas bases ou aquelas nas que se renuncie á subvención concedida, para o efecto da anulación dos devanditos expedientes e a adopción, se é o caso, das medidas precisas para liberar os créditos correspondentes.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50º e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Audiencia.*

Instruído o procedemento, e inmediatamente antes da resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o parágrafo anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución

outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 14º.-Competencia.

O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión de axudas será o director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega; e a súa resolución corresponderá ao director do Inega que resolverá por delegación do Consello de Administración.

Artigo 15º.-Prazo máximo de resolución.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de nove (9) meses contados desde a data de presentación da solicitude da axuda, ante o rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña); ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23º.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-Notificación das resolucións.

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e segundo o establecido no artigo 7º en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións, de maneira que, cando existindo constancia da posta á disposición da notificación, transcorren 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que de oficio ou por instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

As notificacións realizaranse ás entidades colaboradoras e estas terán a obriga de notificar aos beneficiarios das axudas.

Artigo 17º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución de convocatoria poñen fin á vía administrativa e con-

tra elas poderán interporse recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o director do Inega no prazo dun mes, desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou en 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

Artigo 18º.-Pagamento ás entidades colaboradoras.

Cando se atope completa e correcta a documentación referida no artigo 10º, o Inega aboará á entidade adherida o importe correspondente, na conta bancaria facilitada para tal efecto na súa solicitude de adhesión.

Artigo 19º.-Incumprimento, reintegro e sancións.

1. O Inega resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control se estimen oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Enerxético de Galicia para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou as entidades colaboradoras adheridas incumpriron algunha das condicións establecidas no Plan Renove de equipos de climatización, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de reintegrarlle ao Inega as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

2. Cando se realizasen descontos por parte dos instaladores adheridos en concepto de axuda obxecto deste plan a titulares dunha solicitude e se comprobouse posteriormente por parte do Inega, que non se cumpriron as condicións establecidas para recibir a devandita axuda por parte dos beneficiarios ou, se é o caso, se comprobouse que houbera incumprimentos por algunha entidade colaboradora das bases da convocatoria, a entidade asumirá os devanditos descontos, non podendo reclamálos ao Inega.

Ademais, o incumprimento por parte dunha entidade colaboradora adherida consistente en aprazar o pagamento da axuda ao cliente final ata despois de

que o Inega llo ingrese a el, en lugar de desconto no momento do pagamento, suporá o incumprimento destas bases coas consecuencias previstas neste artigo.

3. Efectuado o pagamento das subvencións polo Inega, o incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

4. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás súas normas de desenvolvemento.

5. Ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios da subvención reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 21º.-*Control.*

1. O Instituto Enerxético de Galicia poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22º.-*Publicidade.*

De conformidade, co establecido no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia, (www.inega.es) nos termos previstos no artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións

concedidas, con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia.

Artigo 23º.-*Protección de datos de carácter persoal.*

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa física solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais ao IDAE, á entidade financeira na que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e as demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Instituto Enerxético de Galicia sito na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 24º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, así como no resto da normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2010.

Eliseo Diéguez García
Director do Instituto Enerxético de Galicia



ANEXO I



PROCEDEMENTO ADHESIÓN AO PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN 2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN422D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE INSTALADORA AUTORIZADA		NIF	
Nº REGISTRO EMPRESA AUTORIZADA PARA A REALIZACIÓN DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS EN EDIFICIOS		IAE	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	COMARCA	CÓDIGO POSTAL	
REPRESENTANTE DA ENTIDADE		NIF	TELÉFONO
PERSOA DE CONTACTO		CARGO	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO	FAX	
CONTA CORRENTE NA QUE DESEXA RECIBIR A AXUDA (20 DÍXITOS)			

O solicitante consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar este programa de subvencións, así como para a realización de envíos informativos e de promoción que puidesen resultar do seu interese. Do mesmo xeito, consente de modo expreso que os seus datos poidan ser cedidos ao Inega para o seu uso con fins de envíos informativos ou promocionais e outras cesións previstas na lei. A cobertura dos cadros cos datos persoais ten carácter obrigatorio. O solicitante queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega, Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703 Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

A entidade colaboradora declara:

- Coñecer o contido destas bases e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas.
- Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7º das bases reguladoras.
- Que consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 27º da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non actuará como entidade colaboradora daquelas persoas físicas ou xurídicas de dereito público ou privado, que queiran acceder á axuda e que se atopen vinculados con ela ou cos seus órganos directivos ou xestores, nin cando concorran nelas ningunha das prohibicións previstas no número 7 do artigo 27º da Lei 9/2007 e no número 2 do artigo 43º do seu regulamento de desenvolvemento.
- Que comunicará ao Inega calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.
- Autorización ao órgano xestor para que acade a información necesaria para coñecer se o solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social ou con Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día coas súas obrigas cos organismos sinalados anteriormente.
- Autorización ao órgano xestor para que acade certificado emitido pola Axencia Tributaria onde se especifiquen os IAE nos que a entidade está dada de alta para este ano. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa onde se especifiquen os IAE nos que está inscrito.
- Autorizar o órgano xestor para que acade a información necesaria para coñecer se a entidade solicitante está autorizada para a realización de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación emitida polo departamento territorial competente en industria onde conste que a empresa está autorizada para a realización de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia.



A entidade colaboradora asume os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre esta, así como a retirar os logos e a publicidade unha vez peche o plan. Así mesmo, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do Plan Renove de equipos de climatización que se lle facilitarán para tal efecto. Na información comercial e publicitaria dos equipos de climatización debe figurar obrigatoriamente de xeito diferenciado o prezo antes e despois da subvención con cargo ao Plan Renove 2010.
2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que o solicitante cumpre co establecido no artigo 9º das bases.
3. Vender no marco da iniciativa só os equipos que cumpran coas condicións establecidas no artigo 3º destas bases.
4. Instalar o equipo no prazo de 90 días desde o día seguinte ao da reserva dos fondos e retirar as existentes e presentar no Inega a documentación que xustifique a instalación.
5. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme o establecido no artigo 9º destas bases.
6. Facilitarlle ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
7. Cumprir a normativa establecida para o desenvolvemento do Plan Renove de equipos de climatización.

No caso de adhesión ordinaria, débese xuntar ao presente formulario:

1. Copia do NIF da entidade colaboradora en vigor.
2. Copia orixinal ou compulsada do documento acreditativo de poder suficiente.
3. Certificación orixinal ou compulsada expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se realizarán os ingresos á entidade colaboradora.
4. Copia cotexada do último recibo do imposto de actividades económicas (IAE) ou, se é o caso, declaración xurada orixinal de exención de pagamento.

No caso de adhesión simplificada, e cando exista modificación ou actualización de datos respecto ao ano 2009, a entidade colaboradora deberá presentar a documentación necesaria para xustificar os devanditos cambios cos mesmos documentos requiridos no proceso de adhesión ordinaria. Tal documentación farase chegar ao Inega remitíndoa a:

Inega (Plan Renove de equipos de climatización 2010), Avelino Pousa Antelo, nº5, 15703 Santiago de Compostela.

O Inega facilitará ás entidades colaboradoras adheridas a documentación necesaria e o material promocional do Plan Renove de equipos de climatización.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE:</p> <p><i>Resolución do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan Renove de equipos de climatización, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2010.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td data-bbox="854 1638 1183 1801">RECIBIDO</td> <td data-bbox="1199 1638 1387 1714">NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td data-bbox="854 1801 1183 1976">REVISADO E CONFORME</td> <td data-bbox="1199 1714 1387 1801">DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td data-bbox="1199 1801 1387 1889">DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td data-bbox="1199 1889 1387 1976">DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO		NÚMERO DE EXPEDIENTE							
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA								
	DATA DE EFECTOS								
	DATA DE SAÍDA								
<p>SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE COLABORADORA</p> <p>Lugar e data _____, de _____ de _____</p>									

Inega, Avelino Pousa Antelo, nº 5 (San Lázaro) 15703-Santiago de Compostela. Tlf: 981 54 15 00





ANEXO II



PROCEDEMENTO AXUDA AO PLAN RENOVE DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN 2010	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN422E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA

CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	
<input type="text"/>	
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO COMPRADOR

<input type="checkbox"/> PARTICULAR	<input type="checkbox"/> EMPRESA	<input type="checkbox"/> CONCELLO	<input type="checkbox"/> OUTROS ENTES PÚBLICOS
NOME	APELIDOS	NIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

DATOS DA INSTALACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	COMARCA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
REFERENCIA CATASTRAL	TIPO VIVENDA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO EQUIPO EXISTENTE

TIPOLOXÍA DO EQUIPO	MARCA	MODELO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
ENERXÍA EMPREGADA	POTENCIA NOMINAL TÉRMICA (kW)	RENDEMENTO REAL NA ACTUALIDADE	COP E EER NA ACTUALIDADE	CLASIFICACIÓN ENERXÉTICA	CONSUMO ANUAL (kWh/ANO)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL POTENCIA NOMINAL INSTALADA					
<input type="text"/>					

DESCRICIÓN DO EQUIPO QUE SE INSTALA

TIPOLOXÍA DO EQUIPO	MARCA	MODELO OU UNIDADE EXTERIOR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
Nº DE UNIDADES INTERIORES	UNIDADE INTERIOR 1	UNIDADE INTERIOR 2	UNIDADE INTERIOR 3	UNIDADE INTERIOR 4	UNIDADE INTERIOR 5	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENERXÍA EMPREGADA	POTENCIA NOMINAL	RENDEMENTO NOMINAL A 70°C	RENDEMENTO NOMINAL AO 30% DE CARGA A 50°C	COP E EER	CLASIFICACIÓN ENERXÉTICA	CONSUMO ANUAL (kWh/ANO)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL POTENCIA NOMINAL INSTALADA						
<input type="text"/>						

A instalación que se rehabilita cumpre coas exigencias mínimas de eficiencia enerxética que figuran no Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE).

O COMPRADOR DECLARA (marque o que corresponda):

- Que os datos indicados son certos.
- Que coñece as bases do Plan Renove de equipos de climatización 2010 e cumpre con elas.
- Que o equipo se instala na Comunidade Autónoma de Galicia antes dos 90 días naturais desde o día seguinte á reserva dos fondos.
- Que coñece as bases do Plan Renove de equipos de climatización e acepta a subvención do Inega autorizando a entidade colaboradora indicada neste documento que hai que percibir o importe da subvención.
- Que non se atopa dentro das causas de prohibición para ser beneficiario de subvencións públicas segundo o establece o artigo 10º.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 13 de xuño).
- Que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional, ou no caso de ser Administración pública, que non se pode repercutir o IVE (declaración responsable da exención do IVE). **"No caso de non marcar esta declaración non se subvencionará o IVE"**.



**O COMPRADOR DECLARA (marque o que corresponda):**

- Que, para aqueles casos nos que a contía non exceda dos 3.000 euros, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Que autoriza o Inega para que solicite de oficio os certificados de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A ENTIDADE COLABORADORA DECLARA:

- Antes de transcorridos 90 días naturais desde o día seguinte ao da reserva de fondos instalará o equipo no enderezo que se indica neste anexo, retirará as existentes e presentará no Inega a documentación que xustifique a instalación.

CONTÍAS DO INVESTIMENTO E DA AXUDA

CONCEPTO	PREZO (euros)
Base imponible da instalación	
IVE (18%)	
TOTAL (base imponible + IVE)	
Descuento do Plan Renove de equipos de climatización	
Total que se vai cobrar ao cliente	

O solicitante consente de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do Inega, coa finalidade de aplicar este programa de subvencións, así como para a realización de envíos informativos e de promoción que puidesen resultar do seu interese. Do mesmo xeito, consente de modo expreso que os seus datos poidan ser cedidos ao Inega para o seu uso con fins de envíos informativos ou promocionais e outras cesións previstas na lei. A cobertura dos cadros cos datos persoais ten carácter obrigatorio. O solicitante queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Inega Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703 Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal

Sinatura do COMPRADOR

Sinatura e selo da entidade colaboradora

Asdo.: Asdo.:

Lugar e data

, de de

ás horas.

Débese xuntar a este formulario:

- Unha lista das solicitudes realizadas e executadas das que presenta a documentación.
- O formulario de solicitude de axuda, asinado polo comprador e pola entidade colaboradora.
- Orixinal ou copia cotexada da factura xustificativa de cobramento do investimento realizado emitida despois da colocación da carpintería, coas formalidades establecidas no artigo 10º das bases da convocatoria.
- Orixinal ou copia cotexada perfectamente lexible, sen enmendas nin riscadas do xustificante bancario de pagamento realizado polo beneficiario (transferencia bancaria ou xustificante bancario de ingreso efectivo por portelo) no que conste: a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, o número da factura que se se está pagando, a identificación da entidade colaboradora que recibe o pagamento, concepto do pagamento.
- Copia simple do NIF vixente do beneficiario.
- No suposto de que o beneficiario sexa unha persoa xurídica: copia cotexada da documentación acreditativa da constitución da entidade e do poder do representante legal.
- Certificado orixinal que xustifique a correcta xestión do equipo retirado (certificado do xestor de residuos autorizado ou do punto limpo do concello).
- Unha fotografía da instalación previa e outra da instalación nova desde o mesmo ángulo (no caso de presentación telemática cada foto terá un tamaño máximo de 2 Mb).
- Fotocopia do carné de instalacións térmicas do instalador que realizou a actuación.
- Copia da solicitude de rexistro da instalación térmica onde figure o selo coa data de entrada nun rexistro e o certificado da instalación térmica na que detalle claramente a marca e o modelo, así como as características técnicas do equipo instalado (procedemento IN622B).

Tal documentación farase chegar ao Inega remitíndoa a:

Director do Instituto Enerxético de Galicia
Rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, San Lázaro
15703 Santiago de Compostela





Avelino Pousa Antelo nº 5 (San Lázaro)
15703 Santiago de Compostela
Tif: 981 54 15 00



ANEXO III

Convenio de colaboración entre o Inega e a entidade colaboradora ____ para a xestión de axudas relativas ao Plan Renove de equipos de climatización.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2010.

Dunha parte, o director do Instituto Enerxético de Galicia, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 5º e 8º da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia.

Da outra parte ____, con NIF ____, actuando en nome e representación da entidade _____ con NIF _____, debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que o Inega acordou realizar unha convocatoria de axudas dentro do Plan Renove de equipos de climatización para o impulso das medidas de mellora do aforro e a eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9º e 13º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes estipulacións:

Primeira.-Obxecto da colaboración.

O obxecto deste convenio consiste en establecer un marco de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e a entidade _____ para xestionar as axudas convocadas na Resolución do ____ de _____ de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de equipos de climatización, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº ____, do ____ de _____ de 2010).

Segunda.-Entidade colaboradora.

A entidade _____ é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido no artigo 7º da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de equipos de climatización, se regula a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2010, que acredita o cumprimento dos requisitos e as condicións de solvencia económica e técnica previstas nas bases reguladoras contidas na devandita resolución.

Terceira.-Prazo de duración.

Este convenio estará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2011.

Cuarta.-Obrigas da entidade colaboradora.

A entidade colaboradora obrígase, ademais do establecido no artigo 7º das bases reguladoras das axudas, ao seguinte:

- Asumir a tramitación e xestión ante o Instituto Enerxético de Galicia das axudas dos beneficiarios.
- Comprobar e certificar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos na orde de axudas para que os solicitantes obteñan a condición de beneficiario, así como a idoneidade da documentación que se lles exige para a percepción da subvención.



Avelino Pousa Antelo nº 5 (San Lázaro)
15703 Santiago de Compostela
Tif: 981 54 15 00



- Presentar as solicitudes das axudas dos beneficiarios xunto coa documentación xustificativa do desenvolvemento das actuacións no prazo de 90 días naturais desde o día seguinte a reserva de fondos, tal e como se recolle nas bases reguladoras.
- Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia calquera variación que se produza nos datos inicialmente fornecidos para adherirse a este convenio, garantindo a confidencialidade dos datos subministrados polas empresas beneficiarias.
- Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolvan.
- Reintegrar as cantidades percibidas no suposto de incumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Atoparse sometida ás actuacións de comprobación e control previstas na letra d) do artigo 12º da devandita Lei 9/2007.

Quinta.-Compromisos da entidade colaboradora.

Ademais das obrigas e compromisos establecidos no artigo 7º das bases reguladoras do Plan Renove de equipos de climatización 2010, a entidade _____ declara:

- a) Coñecer o contido destas bases e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas.
- b) Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 7º das bases reguladoras.
- d) Que consinte expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 27º da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- e) Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Que non actuará como entidade colaboradora daquelas persoas físicas ou xurídicas de dereito público ou privado, que queiran acceder á axuda e que se atopen vinculados con ela ou cos seus órganos directivos ou xestores, nin cando concorran nelas ningunha das prohibicións previstas no número 7 do artigo 27º da Lei 9/2007 e no número 2 do artigo 43º do seu regulamento de desenvolvemento.
- g) Que comunicará ao Inega calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.
- h) Autorización ao órgano xestor para que recade a información necesaria para coñecer se o solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería da Seguridade Social ou coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día coa súas obrigas cos organismos sinalados anteriormente.
- i) Autorización do órgano xestor para que recade certificado emitido pola Axencia Tributaria onde se especifiquen os IAE nos que a entidade está dada de alta para este ano. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa onde se especifiquen os IAE nos que está inscrito.
- j) Autorizar o órgano xestor para que recade a información necesaria para coñecer se a entidade solicitante está autorizada para a realización de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación do mencionado anteriormente, deberá presentar certificación emitida polo departamento territorial competente en industria onde conste que a empresa está autorizada para a realización de instalacións térmicas na Comunidade Autónoma de Galicia.



Avelino Pousa Antelo nº 5 (San Lázaro)
15703 Santiago de Compostela
Tif: 981 54 15 00



Sexta.-Obrigas do Instituto Enerxético de Galicia.

O Instituto Enerxético de Galicia obrígase a pagar á entidade colaboradora a cantidade correspondente por cada proxecto concedido na resolución das axudas con cargo a cantidade inicial destinada para esta convocatoria de axudas de 1.000.000 de euros, percibida a través do Convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións recollidas no Plan de acción 2008-2012, (PAE4+) da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España.

Sétima.-Xustificación dos requisitos dos beneficiarios.

A xustificación polos beneficiarios das condicións establecidas para o outorgamento das subvencións e que realicen operacións de compravenda de subvencionadas polo Plan Renove de equipos de climatización 2010 coa entidade _____, realizarase no momento da venda, e a entidade está obrigada a requirir os beneficiarios a documentación establecida nas bases, así como a comprobar esta e a gardar a devandita documentación durante un período de cinco anos desde a concesión da axuda.

Oitava.-Rexistro especial de operacións.

A entidade _____, para facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas bases reguladoras do Plan Renove de equipos de climatización, levará un rexistro especial das operacións que se realicen dentro do Plan Renove de equipos de climatización, que estará a dispor do Inega e demais órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste rexistro gardarase unha copia da documentación xustificativa das operacións rexistradas no Plan Renove de equipos de climatización, así como da documentación que lle entreguen os beneficiarios.

Novena.-Requisitos da entidade e dos beneficiarios.

Os requisitos que debe cumprir e facer cumprir a entidade colaboradora nas diferentes fases do procedemento de xestión das subvencións, son os que se especifican nos artigos 7º e seguintes das bases reguladoras do Plan Renove de equipos de climatización.

Décima.-Xustificación das subvencións.

Os beneficiarios xustificarán as subvencións, a través da entidade colaboradora, nos prazos e na forma previstas no artigo 10º das bases reguladoras do Plan Renove de equipos de climatización.

Décimo primeira.-Causas de resolución.

Son causas de resolución deste convenio entre o Inega e a entidade colaboradora, o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas ou no articulado da resolución de axudas, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso, así como a falsidade ou inexactitude nos datos e documentos achegados polas entidades colaboradoras.

Décimo segunda.-Incumprimento.

Se no curso das verificacións que realizará o Inega, se detectase que a entidade colaboradora incumprise algunha das condicións establecidas no Plan Renove de equipos de climatización, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de que lle reintegren ao Inega as cantidades obtidas indebidamente cos intereses legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.



Avelino Pousa Antelo nº 5 (San Lázaro)
15703 Santiago de Compostela
Tlf: 981 54 15 00



Cando se realizasen descontos por parte do establecemento adherido en concepto de axuda obxecto deste plan a titulares dunha solicitude e se comprobouse posteriormente por parte do Inega, que non se cumprisen as condicións establecidas para recibir a devandita axuda por parte dos beneficiarios, ou, se é o caso, se comprobouse que houbera incumprimentos pola entidade colaboradora das bases da convocatoria, a entidade asumirá os devanditos descontos, non podendo reclamálos ao Inega.

Ademais, o incumprimento por parte da entidade colaboradora adherida consistente en aprazar o pagamento da axuda ao cliente final ata despois de que o Inega llo ingrese a el, en lugar de descontalo no momento do pagamento, supoñerá o incumprimento destas bases coas consecuencias previstas nesta cláusula.

Décimo terceira.- Natureza administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4º.1 d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Rexerá polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. O Instituto Enerxético de Galicia posúe a prerrogativa de interpretar o convenio e resolver todas as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Normativa reguladora especial.

Para todo o non previsto neste convenio, observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, así como no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, e normativa concordante.

Polo Instituto Enerxético de Galicia,
Eliseo Diéguez García
Director do Inega

Pola entidade colaboradora _____.

A entidade colaboradora deberá enviar ao Inega, 2 copias asinadas (unha devolveráselle asinada polo director do Inega e outra quedará en poder do Inega)

Remítase impreso ao Inega (Plan Renove de equipos de climatización), Avelino Pousa Antelo, nº 5; 15703 Santiago de Compostela.